

## ACTA DE ACORDOS

### XUNTA DIRECTIVA

18/09/2025

#### **Asistentes:**

Jose Manuel Estévez Feijoo (Presidente)  
Pilar Álvarez Rey (Vicepresidenta)  
M<sup>a</sup> Belén Ferreiro Amoedo (Secretaria Xeral)  
M<sup>a</sup> Cristina González Sueiro (Secretaria Técnica)  
Xoel Rodríguez Piñeiro (Tesoureiro)  
Elena Sierra Palmeiro (Vogal)  
Pilar Pardo Madarro (Vogal)

#### **Non Asistentes:**

Antonio Álvarez Rodríguez (Vicepresidente)

Dita reunión celébrase por vía telemática reunindo aos membros da Xunta Directiva relacionados ao marxe sendo as 16:00 horas do día 18/09/2025.

#### **ORDE DO DÍA**

##### **1º.: Lectura e aprobación da acta anterior.**

Procédese a lectura da acta da reunión anterior. A acta é aprobada por unanimidade.

##### **2º.: Propostas competicións ximnasia rítmica.**

Trala primeira proposta do Comité Técnico de Ximnasia Rítmica en canto a modificación do calendario de competicións, enviouse a tódolos clubs integrantes desta Federación, que compiten a nivel autonómico nesta modalidade (un total de 71 clubs), a consulta sobre a celebración dunha soa Fase Provincial, en lugar de dúas por Provincia tal e como se fixo nas últimas tempadas.

Presentouse o documento resumo coa votación de cada club (*Anexo 1*). No seu caso votaron SÍ para celebrar unha soa Fase, e NON para manter o formato de dúas fases. O resultado da votación foi:

- SÍ = 19 clubs
- NON = 49 clubs
- ABSTENCIÓN = 3 clubs

Polo tanto, e por maioría absoluta, gañou o NON. Con isto, os membros da Xunta Directiva, seguindo a decisión da maioría de clubs de Galicia que practican ximnasia rítmica, deciden manter o formato de competicións provinciais clasificatorias en dúas fases por provincia para esta tempada 2026.

A segunda proposta que se tratou foi a posibilidade de publicación de notas nas competición ao finalizar a xornada antes da entrega de premios. Esta proposta non foi aceptada desta maneira polos membros da Xunta Directiva, pero si se acordou que as notas dos ximnastas e conxuntos se publicasen ao remate de cada categoría trala revisión das mesmas polo xuíz responsable do panel.

Ademais disto, na correspondente páxina de publicación de resultados incluírase unha aclaración que indique en cada momento se as notas son provisionais ou definitivas.

### **3.: Comparativa da conta de resultados provisional a 30 de agosto 2024-2025.**

O tesoureiro procede a realizar unha comparativa das Contas de Perdas e Ganancias provisionais do 30/08/2024 e 30/08/2025 para ver a evolución deste último exercicio respecto ao anterior (*Anexo 2*):

- Ingresos federativos: Pasamos dun importe de 431.494 € en 2024 a 464.492€ en 2025, o que supón un incremento nesta partida de ingresos dun 7% aproximadamente.
- Outros ingresos de explotación: Pasamos dun importe de 113.991 € en 2024 a 133.249 € en 2025, unha subida próxima ao 14,5%.
- Gastos de persoal: Pasamos dun importe de 50.770,30 € en 2024 a 56.988,22 €, un incremento do gasto dun 11% aproximadamente.

- Outros gastos de explotación: Pasamos dun importe de 353.492 € en 2024 a 415.523 € en 2025, apreciase por tanto unha subida nesta partida de gasto próxima ao 15%.
- Outros resultados (Gastos excepcionais): Coméntase que xurde esta partida de gasto en 2025 por importe de 103,69€, non habendo dita partida en 2024, por tanto increméntase nun 100%.
- Resultado de explotación: Pasamos dun importe de 141.222 € en 2024 a 125.126 € en 2025, por tanto apreciase unha baixada do beneficio dun 13% aproximadamente.
- Resultado do exercicio: Sen variación respecto ao resultado de explotación, por tanto 141.222 € en 2024 e 125.126 € en 2025.

Danse por informados os membros da Xunta directiva deste punto da orde do día.

### **3º.: Suxerencias e preguntas.**

Elena Sierra plantexa a posibilidade de crear un novo nivel, anterior ao Escolar, na modalidade de ximnasia rítmica para a tempada 2027. Acórdase tratar o asunto durante o primeiro semestre de 2026 para elaborar a normativa e requisitos deste novo nivel, e poder implantalo nas competicións do ano 2027.

E sen máis puntos que tratar, érguese a sesión sendo a 17:00 horas do día arriba indicado do que dou fe como Secretaria Xeral desta Federación.

Asdo.: M<sup>a</sup> Belén Ferreiro Amoedo

Ourense, 22 de setembro de 2025